

A "XESTIÓN LINGÜÍSTICA" NO PROCESO DE DESPRAZAMENTO DO CASTELÁN POLO GALEGO EN GALICIA: REPARACIÓN E AUTOVIXILANCIA

MARTÍN VÁZQUEZ FERNÁNDEZ

Universidade de Vigo

O obxectivo desta comunicación é describir a xestión dos actos comunicativos na interacción (xestión lingüística) por parte de falantes que comezan a “desprazar” o castelán polo galego. O “proceso de desprazamento” implica unha especial atención á xestión desta nova variedade lingüística no seu uso diario, particularmente en condicións de minoración e cambio lingüístico como as do galego.

O material empírico que presentamos consta de 12 entrevistas en profundidade a estudantes universitarios que “desprazaron” o castelán polo galego e de observacións rexistradas no diario de campo froito da estancia prolongada en lugares de observación como a aula, os corredores ou as asembleas de estudantes da Universidade de Vigo. A análise realízase a través dos conceptos teórico-analíticos que nos proporcionan a teoría da xestión lingüística, o ensino de segundas linguas e a sociolingüística crítica.

Na análise observamos diferentes prácticas de xestión lingüística en conexión coas ideoloxías circulantes no espazo lingüístico galego: desde estratexias de reparación dos que se conciben como *erros lingüísticos* ata prácticas puristas de corrección, isto é, correccións *sobre* a norma. Tamén atopamos outras estratexias como o enmascaramento de trazos estigmatizados, así como fenómenos de *passing* –a capacidade de facerse pasar por membro dun grupo diferente. Por último, describimos as prácticas de vixilancia lingüística ás que os falantes que desprazan o castelán se ven sometidos por parte dos seus interlocutores e que derivaban en prácticas de autovixilancia lingüística.

A atención á xestión lingüística do desprazamento mostra a relevancia tanto das traxectorias lingüísticas dos falantes coma dos discursos que circulan sobre a “calidade” da lingua. Neste proceso de xestión lingüística obsérvase unha alta reflexividade lingüística, entendida como a interrogación práctica e constante sobre as formas de falar/escribir do axente, particularmente en relación á “lingua lexítima” como modelo de referencia. O papel da consciencia metalingüística, isto é, a atención prestada polos falantes a determinados trazos lingüísticos, dá algunhas informacións de relevancia sobre a axencia desta clase de falantes no cambio lingüístico do galego actual.